

**Comunicado de Ester Rivas, mariscadora de Cabo de Cruz, ao que deu leityura na Praza do Obradoiro ao final da manifestación do 4 de maio**

Amigos e amigas, bós días a todas e a todos.

Abandoadas, esa é a palabra. Abandoadas. Unha vez máis na soedade. Continuamos co noso litoral indefenso e desamparado polo que prometeron solucións. Non lles importa o noso futuro, está ben claro.

Eu e as miñas compañeiras fumos limpar o chapapote a Sálvora cando o goberno falaba dos hilillos tomando tranquilamente un café. Eran os días máis negros que sofria Galiza na súa historia.

Pero logo de seis meses, os dos hilillos xa andan máis preocupados en arrancar os votos ao noso povo. Lembrede-o todos: dixeron que se ocorrera outra vez volvería facer o mesmo. Hai que ter cara!! E ao peor até son capaces!!

Nunca nos sentimos tan desprezados e humillados.

E seguimos soportando as consecuencias dunha incompetencia e dun abandono que non ten precedentes en ningún país. Dician eles hai uns días que o que chega agora son os restos dos barcos que limpan fronte a franxa atlántica. Por un lado minten e polo outro recoñecen que, dun xeito e máis do doutro, segue a chegar fuel.

Logo de seis meses, o maldito prestige continua vomitando peste. Até cando?!  
Logo de seis meses non son quen de evitar a chegada das manchas, Até cando?!  
Logo de seis meses continuamos sen barcos contra a contaminación. Até cando?!  
Logo de seis meses continúan mentindo. Até cando?!  
Logo de seis meses como o principio. Até cando?!

Señores do goberno: onde están os plans de rexeneración das costas?  
Señores do goberno: que pretenden facer con nós?  
Que teñen feito para garantirnos o pan de mañá?  
Onde un fondo de cobertura social para os periodos de inactividade?  
Onde os criadeiros de reserva para garantir a repovoación das praias?  
Por qué contribúen vostedes a converter o marisqueo en miséria?  
Xa teñen preparadas as empresas estranxeiras para explotar os nosos recursos?

Non me veñan con ese Plan Galicia con visión de Valladolid e cheo de estradas e autoestradas.  
Onde as inversións para garantir o futuro do mar? Vostedes viven no mundo do asfalto, quizás por eso entendemos que tamén asfaltaran as nosas costas.  
Até cando a consellaría de Pesca gobernada desde Madrid?

Señores do goberno: só queremos futuro, traballo e pan para todas as xentesdomar. Non queremos máis mentiras. Exiximos a verdade, a transparencia. Exiximos feitos sérios, de compromiso real cun país cuxo futuro non ten sentido sen o mar limpo, protexido e respetado.

Deixen-se de batasunos e radicais e miren polo que teñen nos fuciños.

Amigos e amigas: Nunca Máis!!

**Manifesto lido Por Pablo Villar, xerente da confraría de Cangas, na chegada á Praza do**

## Obradoiro

Boas tardes a todos e a todas, boas tardes Galiza:

Atopámonos aquí unha vez máis demostrando a dignidade do noso povo, para exercer un dereito recoñecido na sociedade democrática na que nos desenvolvemos, nun acto libre e voluntario, para reclamar e esixir o que consideramos xusto. Non van calar-nos, a dignidade non ten prezo.

Estamos fartos da difamación e do desprezo por parte dos que teñen a obriga de defender os nosos dereitos como cidadáns. Non poden menospreciar-nos por estar en desacordo e manifestar as nosas críticas de forma pacífica e responsable sobre a nefasta xestión desta crise que é a maior catástrofe ecolóxica e socioeconómica da historia de Galiza

O mar está ferido, ven padecendo unha continua e diaria degradación. As costas galegas sufriron cinco catastróficos e espectaculares accidentes de buques petroleiros nos últimos trinta anos. Nós como testigos presenciais dos verquidos deliberados e accidentais que a cotío emporcan o mar non queremos deixar de salientar a súa gravidade; ningún verquido é pequeno. Por iso a importancia de solucionar definitivamente a contaminación do péo. As cousas non cambiaron moito até o día de hoxe, en calquera momento podemos ter outro desastre como o acontecido. Hai que adoptar unha postura firme e decidida por cambiar o rumbo.

A xente do mar, mariñeiros, mariscadores, maricadoras, bateiros, curtidos nas nosas batallas cotiás para extraer deste preciado medio natural os produtos que nos ofrece, queremos poder seguir facendo o que viñeron facendo desde sempre os nosos devanceiros; estamos acostumados a vivir do noso esforzo e vamos loitar para defender o medio de vida do que dependemos.

A cultura do mar é patrimonio común da nosa terra galega, e hai que mante-la a toda costa. Levamos pagado un alto prezo por isto, as vidas de moitos compañeiros son reclamados todos os anos como un tributo a pagar. Isto non nos amedrenta, estamos afeitos a vivir con esta posibilidade. Pero agora foi a morte nacida dos despachos de terra adentro a que entrou no mar e tinguíu de loito as nosas costas. Temos que esixir dunha vez por todas que este tipo de catástrofes non volten acontecer.

Queremos seguir vivendo dignamente do noso traballo, para sacar adiante as nosas familias. Somos moitos e moitas os que directa e indirectamente dependemos do mar, dos seus recursos, do seu valor paixasístico e mediambiental.

As cousas estan-se a facer mal, reclamamos que se conte con nós para tomar decisións que nos afectan directamente. Creemos que a nosa experiencia mariñeira é necesaria para poder recuperar canto antes as praias, rochas, fondos mariños e o conxunto do ecosistema litoral; por iso queremos que se nos escoite e que se nos teña en conta. Entre todos: científicos, políticos, mariñeiros, ecoloxistas, sociedade en xeral, aportando cada quen a súa experiencia e coñecementos, poderemos avanzar máis e mellor na procura de recuperar a normalidade perdida, unha normalidade real e non imaxinaria e imposta por decreto polos nosos gobernantes. Non poden pretender que nos acostumemos a conviver co chapapote.

Nunca Máis Chapapote. Nunca Máis enganos e descalificacións. Nunca Máis obérbia e prepotencia dos nosos governos... Nunca Máis!

**Manifesto lido por Suso de Toro e Uxia Senlle ao final da manifestación do 4 de maio**

## AQUI SEGUIMOS, ATA QUE OFREZADES UNHA SOLUCION AO PETROLEIRO ANTES DO INVERNO.

Señores do Goberno, da Xunta, señoras e señores da Administración, aquí estamos, aquí seguimos. Ben quixeramos mellor estar de romería, ou de xantar pagado, ou na praia..., mesmo algúns de entre nós gustarían de andar ás troitas, mesmo algúns outros gustarían de estar de caza. Algúns.

Pero non podemos porque sabemos que hai un problema que afrontar e hoxe non nos toca romería, o noso sitio é estar aquí e preguntar polo noso. Preguntamos polo petroleiro, polo labor do Estado para limpar os fondos e recuperar a costa.

Vostedes non queren que esteamos hoxe aquí, seique somos incómodos e inoportunos porque agora hai que tratar doutras cousas, seique o noso grave problema xa non está de moda. Mais aínda que haxa eleccións municipais ou deixe de habelas, aínda que o queirades esquecer, o "Prestige" segue aí e hai petróleo na nosa costa. Temos un problema.

Vós dicides que xa está o problema solucionado. Iso dicides. Pero nós aquí estamos porque non temos outra solución, non temos outro país onde marchar nin outro mar que o noso. E sobre todo non queremos que se nos obrigue a marchar. Aínda que esteades lonxe ou de romería electoral deberedes oír as nosas preguntas.

Dicides que non existe problema ningún no noso mar. Pero tamén dixestes antes que non había marea negra..., dixestes tantas cousas...Dixestes que actuastes ben cando paseastes esa ruina arriba e abaixo da nosa costa. Dixestes que foi acertado mandalo mar adentro e afundilo no peor lugar posibel.... ¿Como nos podeis dicir esas cousas? ¿onde tendes o corazón? ¿Non sabedes logo que nos abrides as feridas? ¿Que tanto mal vos fixemos que vos merezamos ese desprezo, a que ese odio contra nós, contra un país e a xente? ¿Queríades que comésemos nós sós todo o chapapote? Nós só vos pedimos a verdade e vós mentídenos unha vez e outra. Pedímosvos a verdade e vós insultádesnos, chamástesnos "cans", chamástesnos "paxaros" ..., e nós somos persoas, xomos xente como vós. Non somos animais, iso si estamos a aprender a ter memoria de elefante. Non esqueceremos cousa, iso si.

E cando dicides que non hai xa problema ningún...¿non nos estaredes mentindo? Porque un petroleiro cargado é algo moi grande e nós sabemos que segue aí afundido e soltando alquitrán. Dicides que sobra o exército, non o queríades mandar aquí e agora xa o mandades de volta. Dicides que non se precisan os voluntarios, mandádelos de volta. Pero como vos habemos crer, ¿daquela quen vai seguir limpando todo o que eles limparon?

Hai xente de entre vós que insulta aos voluntarios, que os calumnia..., que morde a man dos que nos axudan. Pero as nosas pedras e areas chaman por eles, piden que sigan chegando voluntarios ben informados e ben acollidos, as nosas pedras precisan ser limpadas e queren ser limpadas polas mans máis xenerosas. Deixen de desprestixiar aos voluntarios, os mellores amigos de Galiza..., eles si actuaron. Deixen de acusar inxustamente ás persoas que se preocupan verdadeiramente por tan grave asunto. Non pode ser que a Administración siga a dar este espectáculo triste, porque está dándonos un espectáculo desesperante, na vez de solucionar os problemas fai propaganda e provoca división social e insulta aos cidadáns que queren axudar a que se solucionen esta catástrofe.

(¡Vivan os voluntarios!)

Dicides que non debiamos estar aquí, que houbo maxia e xa non hai problema ningún, pero o noso deber é desconfiar. E preguntamosvos: ¿que facemos co petroleiro afundido e a súa carga? Queremos solucións. Pero vós ides con parsimonia desesperante: primeiro propaganda, logo as eleccións, logo propaganda...Dicides que o "Prestige" xa non é un problema, dicides que foi unha lotería para este país. ¿Como vos atrevedes a dicir semellantes disparates? Sería unha lotería para vostedes, para os que viven lonxe e non parece importarlle este país tan inxustamente tratado. Non é lotería ningunh para nós. Para os que vivimos aquí e vivimos o destino desta Galiza si é un grave problema. Nós pedimos a verdade, pedimos solucións reais e vós dádesnos disparates e propaganda. Pero non podemos crer na vosa propaganda, porque non dades solución ningunha concreta ao petroleiro afundido. E nós non queremos que siga deitando petróleo, nin queremos ter esa ameaza xigantesca diante da nosa costa, diante das vidas da xente do mar, diante do país enteiro.

Así que aquí estamos. Xente de "Nunca máis", ou sexa cidadáns. Porque vostedes seguennos tratando como a parvos, ou como a nenos pequenos; a poñernos medo, a contarnos mentiras, a contarnos contos. E nós queremos que se nos respecte, un contiño vale para saír do paso pero non soluciona o

problema de dentro dun mes, de seis, dun ano. O océano, o noso mar, non só é o espello atlántico no que se mira Galiza, é tamén o motor da nosa economía. ¿Cómo se pode tratar con tanta irresponsabilidade a tantas familias que viven directa e indirectamente do mar?, ¿a economía dun país?

E "Nunca máis" somos máis dos que sodes quen a ver. Somos todos os galegos e galegas que xa temos levantado un país. Sobre as ruínas de nós mesmos, da Galicia mesma de hai seis meses, daquelas catro provincias vencidas, rendidas, sumisas, aquel paisiño que aturou tanta inxustiza..., sobre esas ruínas a xente dixo "Nunca máis". E non pensedes que somos cinco ou seis ou que nos habemos rendir. Porque seremos de "Nunca máis" para sempre.

Porque "Nunca máis" é unha negación, negámonos a aceptar que esteamos condenados recibir mareas negras para sempre, e a emigrar, e negámonos a aceptar que as autoridades actúen de forma tan irresponsábel e incompetente.

Pero sobre todo "Nunca máis" é unha afirmación. "Nunca máis" significa Galiza sempre. Un sí a Galiza e tamén á propia dignidade de cada un de nós. Nós non temos medo. Afirmamos que a Galiza ten dereito a ser un país no que os seus fillos podan ter traballo e vivir. E afirmamos que somos un país de cidadáns que merecemos ser respectados pola Administración. "Nunca máis" é un grande si, é o nome da esperanza para nosoutros.

E non vos enganar, moita da nosa dignidade gañada, moita da nosa forza ven das vosas ofensas, causástela vós. Así que máis nos ofendades, máis actuedes de xeito irresponsábel e incompetente, máis firmes seremos na nosa razón. E a nosa razón ven xa nos meniños que lle nacen a esta nova Galiza. Nas mans dos meniños non ven xa unha marca fatal, agora nas raias das súas manciñas lense dúas letras: un "N" e mais un "M", as iniciais de "Nunca máis". E "Nunca máis" vai nas mans e nos dedos dos novos galegos que nos temos atrevido a crear sen pedir permiso a ninguén un novo país, un país digno e orgulloso. Un país que se presentou ao mundo e camiñou polas rúas das vilas mariñeiras e das cidades galegas, polas rúas de Madrid. Para que o mundo saiba que naceu un país de xente libre.

E así é como quere vernos o mundo, e non como unha terra esmagada polo pasado, sin futuro, encollida polo medo ao poder. E así, esta nova Galiza de "Nunca máis" xa está a ser atractiva para moitas persoas que veñen visitarnos por solidariedade, mais que tamén queren coñecer ese novo país que está a nacer, e que desexan que naza. Hai moitas persoas que desexaban ver outra Galiza e miran con curiosidade para esta nación de xente libre que empezamos a ser.

Pero este novo país de xente libre ten un problema que quere ver resolto. Porque os que vivimos aquí non imos vivir da propaganda e de promesas no papel ou nas pantallas das televisións, e tampouco poderemos todos vivir de atender ao turismo. Porque o famoso "Plan Galicia" ten case todo de fume e propaganda e non contempla ao sector máis afectado, o mar. **Queremos ter a garantía de que imos recuperar o mar.**

Por iso, aquí estamos para preguntar pola verdade e para pedir:

-Unha solución inmediata, con prazo curto, e definitiva para o barco afundido. Non podemos consentir que siga verquendo un mínimo de 2 toneladas diarias ata o 2.004.

-Elaboración e execución dun plano de limpeza, rexeneración e repoboación da costa.

-O apoio e promoción de todos os sectores productivos (pesca, marisqueo e acuicultura) e dos outros sectores socioeconómicos (conserva, turismo, hostelería...), coa finalidade de impedir a emigración e que decaia a economía costeira e a do conxunto de Galiza. E que se teña en conta para isto aos sectores afectados.

- Elaboración dun plano socioeconómico para mellorar as infraestructuras e servizos da costa afectada.

-Que a apertura progresiva de zonas de pesca e marisqueo se faga sempre de acordo cos sectores e con todas as garantías. Que non se abran zonas precipitadamente por aforrar cartos a Administración.

-Pedimos as responsabilidades políticas para os que mentiron e minten á opinión pública e, desde logo, aos que coas súas decisións irresponsabeis fixeron do "Prestige" a maior catástrofe económica, social e económica da nosa historia.

Porque iso é o que **é: a maior catástrofe económica, social e económica da historia da Galiza.**

Por iso é polo que estamos aquí. Para dicir non á chapuza, á mentira e a irresponsabilidade. Para dicir si ás solucións concretas e reais ao "Prestige" e as súas consecuencias. E para dicir sí a Galiza, si á

dignidade e si á esperanza.

E para iso sempre estaremos vixilantes, e para iso sempre estaremos dialogantes se temos con quen, e para iso seremos colaboradores con quen colabore.

E dicímolo no nome da terra e no nome do Océano que teñen conta de nós e nos alimentan, e no nome dos galegos e galegas dignos e libres.

VIVA NUNCA MAIS.

**Canción tradicional, versionada por Leilia para esta manifestación, e foi cantada despois dos manifestos coa música de Eu chorei, chorei...,mais neste caso levaba por nome esta versión Cantar por non chorar**

Eu chorei chorei mirando pro mare

Eu chorei chorei mirando pro mare

Que veña o culpable, que veña o culpable

Que diga a verdade

Que diga a verdade e non máis **mentiras**

Que diga a verdade e non máis mentiras

A marea negra, a marea negra invadiu as rías.

Invadiu as rías e as **nosas** vidas

Invadiu as rías e as nosas vidas

Outra vez vivimos, outra vez vivimos  
Esta inxustiza.

Esta inxustiza nunca máis se **olvida**

Esta inxustiza nunca máis se olvida

Xuntémonos todos, xuntémonos todos

Ten forza Galicia.